

# XUÑO <sup>2020</sup>

NENAS / NENOS / ACTIVIDADES / EN GALEGO



Luns

Martes

Mércores

Xoves

Venres

Sábado

Domingo

| 1                               | 2                     | 3  | 4                              | 5                       | 6  | 7  |
|---------------------------------|-----------------------|--|--------------------------------|-------------------------|----|----|
|                                 |                       |  | Carabuñas                      | Xogos de palabras       |    |    |
| 8<br>Descubro a lingua creando  | 9<br>Tarde de contos  | 10<br>Seguridade viaria: a contramarcha<br>Enredando | 11<br>Saabor!                  | 12<br>Xogos de palabras | 13 | 14 |
| 15<br>Descubro a lingua creando | 16<br>Tarde de contos | 17<br>Obradoiro de coleo<br>Enredando                | 18<br>Enredando                | 19<br>Xogos de palabras | 20 | 21 |
| 22<br>Descubro a lingua creando | 23<br>Tarde de contos | 24<br>San Xoán                                       | 25<br>O conto de Barriga Verde | 26<br>Xogos de palabras | 27 | 28 |
| 29<br>Descubro a lingua creando | 30<br>Tarde de contos | <hr/> <hr/> <hr/> <hr/>                              |                                |                         |    |    |



# ESPAZO APEGO

República do Salvador 12 - entresollado



As tardes do Espazo Apego acollen nunha contorna segura actividades relacionadas coa crianza en galego: charlas, obradoiros, contos, música, xogos...

## Descubro a lingua creando

Luns laborables a partir do 8, de 17 a 19 h  
Tempo de xogos guiados sobre lingua e cultura galegas para crianzas provenientes doutras comunidades lingüísticas e que contribúan á súa integración.

Mentres construímos trebellos con habilidades manuais e plásticas achegámonos ás tradicións, á cultura popular, aos personaxes e á historia de Galicia: máscaras, xoguetes, instrumentos musicais, agasallos... feitos con materiais naturais e de refugallo.

+ 3 anos. Prazas limitadas con inscrición previa. Unicamente para crianzas a cargo das persoas asistentes ao "Obradoiro de acollemento lingüístico" simultáneo (espazo de conciliación)

## Tardes de contos

Martes laborables a partir do 9, de 17 a 18.30 h

Contos lidos, contos musicais, avoas que contan, visitas de autores, construción de poemas, dramatizacións... un tempo no que achegarse á literatura oral e escrita!  
De 0 a 3 anos. Prazas limitadas con inscrición previa. O acceso ao espazo comezará ás 16.30 h

## Enredando

Mércores laborables a partir do 10, de 16.30 a 19.45 h (Só para cubrir conciliación coa charla paralela. Na inscrición para a charla facer figurar os datos das crianzas que precisarán deste espazo)

Xoves laborables en que non haxa función a partir do 18, de 17 a 19.45 h

Espazo de entretemento activo en que se promove a socialización e a expresión verbal, xestual, corporal... manexando ditos, cancións, xogos, xoguetes...

De 2 a 6 anos  
Prazas limitadas con inscrición previa. O acceso ao espazo comezará a partir das 16.40 h

## A familia vai á escola

Mércores laborables

Charlas e obradoiros prácticos sobre diferentes aspectos da crianza: seguridade viaria, coleo, aleitamento, nutrición, oferta das escolas infantís municipais, crianza plurilingüe, as vantaxes de medrar en galego, recursos educativos, educación emocional, como contar contos, a música na crianza, ergonomía e movemento...

Para poder cumprir as normas de distanciamento todas as actividades terán un límite reducido de asistentes e precisarán inscrición previa en [dlg@santiagodecompostela.gal](mailto:dlg@santiagodecompostela.gal) (nome completo, idade de cada unha das persoas asistentes e teléfono de contacto). O prazo de inscrición en cada actividade abrirá unha semana antes (ás 00 h do día correspondente da semana anterior).

Para poder seguir as normas de hixienización o acceso ao espazo comezará arredor de vinte minutos antes de cada actividade. Na sala de actividades entrarase sen calzado (aconséllase acudir con calcetíns grosos). Será obrigatorio o uso de máscara.

• Mércores 10 ás 17 h

Seguridade viaria: a contramarcha  
Gaia Ecocrianza

Charla na que se falará sobre a importancia de que as crianzas viaxen a contramarcha o maior tempo posible e sobre sistemas de retención infantil.  
Familias que agardan un bebé e con crianzas de entre 0-5 anos

• Mércores 17, 1ª quenda ás 16.45 h, 2ª quenda ás 18.40 h  
Obradoiro de coleo

Gaia Ecocrianza

Que é o coleo? E a xestación exterior? En que consiste a teoría do Apego? Por que deberíamos colear? Cal é a perspectiva do bebé? E a de quen colea? etc. Son algunhas das moitas cuestións que se tratan nesta charla-obradoiro sobre os beneficios de colear. Familias que agardan un bebé e con crianzas de entre 0-5 anos

Prazas limitadas con inscrición previa. Facer figurar na inscrición se precisan espazo de conciliación e, de ser o caso, os datos das crianzas. O acceso ao espazo comezará a partir das 16.30 h e ás 18.30 h.

• Xoves 11 ás 18 h. Saaabor!

Félix Rodríguez e Fran Rei  
Espectáculo cómico que mestura música, maxia, humor e moito ritmo co mundo da gastronomía de fondo! Os nosos protagonistas convértese en dous recoñecidos chefs que nos ofrecen un gorentoso, equilibrado e, sobre todo, afinado menú.  
De 3 a 6 anos

• Xoves 25, 1ª quenda ás 16.45 e 2ª quenda ás 18.40 h  
O conto de Barriga Verde

Fran Rei

Achegamento á poesía, prosa e teatro de Manuel María a través da adaptación dos seus textos.  
Fiz, un mozo labrego galego terá que enfrontarse ao Serrador e ao Demo. Coa axuda da maxia do seu padriño Barriga Verde demostrará que non hai nada máis forte que o amor verdadeiro.  
De 3 a 6 anos

Prazas limitadas con inscrición previa. É preciso facer figurar na solicitude de inscrición a quenda de preferencia. O acceso ao espazo comezará ás 17.40 h se hai unha función e ás 16.30 e 18.30 h se hai dúas funcións.

## Os xoves función!

Xoves laborables alternos a partir do 4

Representacións teatrais, musicais, contacontos, sensoriais... guiadas por artistas especializados.

• Xoves 4 ás 18 h. Carabuñas

Susana Penabaz Ramos  
Conto tradicional que nos achega a historia de Carabuñas. Ao remate elaborárase unha manualidade moi monstruosa e divertida. Important! Traede un calcetín vello.  
De 3 a 6 anos

## Xogos de palabras

Venres laborables a partir do 5, de 17 a 18.30 h

Xogar coa palabra falada e cantada para entreterse é un costume moi arraigado na crianza tradicional.

Coñecer a contorna a través das palabras e aprender a relacionarse vén, en parte, dado por estes xogos.

De 3 a 6 anos  
Prazas limitadas con inscrición previa. O acceso ao espazo comezará ás 16.40 h

# ONDE HABITA O APEGO

*Seguro que algunha vez vos tedes preguntado onde vivirá o polbiño Po. E se cadra pensastes que como é un polbo vive no mar, non si?*

Pois, sabedes que? O noso Po non vive no mar! Vive nunha casaíña moi preto da vosa onde se respira alegría e amor. Un fogar para todas vós, que vivides a vida e a lingua con moito Apego.

Queredes coñecela un pouco mellor? Pois animámosvos a que a representedes seguindo as instrucións que veñen abaixo. E, por certo, benvi@s!

Collede unha folla de papel tamaño A4, branca ou da cor que máis vos guste, e dobrádeas deste xeito:



Ao remate podedes colocar as diferentes partes da casa: con coidado recortade un anaquiño de papel e pegádeo para facer a CHEMINEA; despois podedes colorear o TELLADO e debuxarlle TELLAS ou LOUSAS; por último debuxade a PORTA e as VENTÁS e xa está!